

PROXECTO FLORA DA ULLOA 2020

EXCURSIÓN BOTÁNICA Á CARBALLEIRA DE LEBESENDE, DOMNGO 2 DE AGOSTO DE 2020

Despois dos meses de parón debido á pandemia de coronavirus, o domingo 2 de agosto de 2020 retomamos as excursións botánicas do proxecto Flora da Ulloa, coordinado polo biólogo Xurxo Mouriño.

Dentro da temática de flora rara e ameazada, e coorganizado con Quercus Sonora, visitamos a carballeira de Lebesende, en perigo por un proxecto de enerxía eólica que pretende cruzar dita carballeira cun vial de acceso para un único muíño, para o cal existen alternativas a priori menos agresivas. O Instituto de Estudos Ulloáns presentou alegacións a este proxecto, baseadas no traballo realizado por Quercus Sonora.

O obxectivo foi coñecer máis detalles da flora desta carballeira e arredores, tanto para seguir recopilando información da flora ulloana como para ter máis coñecemento no que basear as alegacións que se poidan facer ao respecto do proxecto eólico nun futuro.



Flora da Ulloa 2020
Plantas ameazadas

2ª excursión organizada

Domingo 2 de agosto
Flora ameazada na carballeira de
Lebesende (Queixeiro, Antas de Ulla)

9:30 h fronte á casa do Concello de Antas de Ulla
Imprescindible anotarse escribindo a floraulloa@ieu.gal
ou no telef. 609139498 (aforo limitado)

 

Próxima excursión: 15-16 de agosto
Pola ribeira do Ulla na procura de *Scrophularia herminii*